Ó longo do terceiro trimestre, desenvolveranse actividades de repaso e reforzo tomando como guía os materiais do libro de texto relativos ós contidos lingüísticos e literarios, promovendo a interdisciplinaridade e o carácter transversal das mesmas. Así pois, realizaranse cada semana actividades de repaso especialmente en torno ós contidos morfosintácticos abordados e á análise de textos xornalísticos e literarios, a través do libro de texto e de fichas preparadas pola docente a tal fin. Unha parte destas actividades estarán orientadas á corrección individual, polo que non só se propicia o estreito seguimento por parte da docente, senón que se favorece a atención personalizada e a consulta de dúbidas por parte do alumnado a través dos medios habilitados a tal fin. Asemade, ofrécense presentacións explicativas dos contidos teóricos gravadas pola docente e subidas á canle de YouTube da materia, o que contribúe a que o alumnado poda realizar os repasos que considere oportunos de xeito relativamente autónomo. Nesta liña, no blog de aula e na Aula Virtual cómpre sinalar que tamén se suben exercicios optativos para a corrección individual ou a autocorrección en liña, sempre orientados a asentar os coñecementos xa adquiridos. Por último, tamén se contempla como medida de reforzo extraordinario o contacto que o alumnado mantén permanentemente coa docente a través do correo electrónico para solucionar calquera tipo de dúbida e aclaración que poda xurdir, así como para adoitar as medidas grupais que permitan optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe durante o



confinamento.

-Ampliación:

Aínda que non constituía unha prioridade, con este alumnado do nivel de 4º ESO é posible levar a cabo a ampliación dos contidos abordados ata o confinamento dado que se trata de grupos pequenos, cuxos membros dispoñen de óptimas condicións para conectarse e facer un seguimento estreito da materia. Ademais, posto que unha porcentaxe que xira en torno ó 90% dos alumnos superou con éxito a materia na primeira e segunda avaliación e considerando o carácter terminativo de etapa que ten este curso, semella xustificada a ampliación de certos contidos para favorecer o tránsito á etapa seguinte de Bacharelato ou, de ser o caso, Formación Profesional. Por conseguinte, priorízase a ampliación dos contidos lingüísticos sobre os literarios, facendo especial fincapé no traballo sobre cuestións morfosintácticas abordadas a partir dos contidos de repaso e, concretamente, favorecendo a achega ós diferentes tipos de oracións compostas e á súa identificación. Asemade, promoverase o contacto do alumnado con diferentes textos de índole social, especialmente con aqueles propios da vida profesional e adulta -currículum vitae, instancia, reclamación...- que faciliten a súa incorporación á mesma, tal e como se apunta desde a competencia social e cívica. En último termo, tamén se implementará a adquisición das competencias asociadas á expresión oral e escrita, rexida polos principios de adecuación, coherencia e cohesión, e adaptada a diferentes niveis e rexistros lingüísticos.

**Metodoloxía
(alumnado con
conectividade e sen
conectividade)**

Tomaranse como referente os principios metodolóxicos enumerados na programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura para o presente curso 2019/2020, ós que se engaden os seguintes:

- consolidación das destrezas e habilidades propias da competencia dixital -piar fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe durante o terceiro trimestre- adaptadas ó ámbito académico.
- priorización das actividades orientadas á realización e corrección individual.
- participación en proxectos con carácter transversal e interdisciplinar que favorezan a posta en práctica con carácter significativo dos contidos lingüísticos abordados na primeira e segunda avaliación, así como a adquisición das habilidades propias sobre a competencia en conciencia e expresións culturais.
- promoción dun maior grao de autonomía por parte do alumnado a través da planificación de actividades optativas e voluntarias, en correlación cos principios promovidos pola competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- relevancia da responsabilidade individual para a realización e



entrega das tarefas obrigatorias no prazo e forma establecidos, así como para a planificación e execución de tarefas voluntarias, en sintonía coas destrezas adquiridas desde a competencia para aprender a aprender.

-uso eficiente e funcional da lingua nos diferentes niveis e rexistros, segundo os criterios de adecuación, coherencia e cohesión, tanto no ámbito escrito como no oral.

Por outra banda, tras ter comprobado que non existen dificultades para a conectividade por parte do alumnado e que a ausencia de interacción e o discontinuo ou inexistente seguimento da materia se deben a outras causas, convén especificar a adaptación da secuenciación dos principios metodolóxicos que rexen o proceso de ensino-aprendizaxe:

- As explicacións dos contidos teóricos prodúcense a través dos apuntamentos, os vídeos gravados e das sesións de clase realizadas a través de videochamadas usando a plataforma Webex.
- Os exercicios de repaso ou sobre contidos moi específicos están orientados á autocorrección: as solucións distribúense coas correspondentes explicacións a través das canles de comunicación habituais, unha vez que ten pasado unha marxe de tempo prudencial para que todo o alumnado se teña enfrontado a eles de xeito individual. Tamén se comproba que as actividades se levan ó día solicitando de xeito aleatorio e periódico o caderno de clase escaneado.
- Os test e cuestionarios oriéntanse fundamentalmente ó repaso de contidos xa abordados, promovendo a reflexión sobre eles.
- Periodicamente, ofrécese a posibilidade de realizar unha actividade optativa para a elaboración dun proxecto común de grupo relacionado coa conmemoración de festividades como o “Día Internacional do Libro” ou o “Día das Letras Galegas”.
- Os contidos ampliados prográmanse a partir das actividades de repaso -como ampliación das mesmas- e serán incorporados á realización das tarefas cotiás, así como ós proxectos emprendidos.
- Realízanse cuestionarios, probas e test para garantir o progreso na adquisición dos contidos abordados en igualdade de condicións e de posibilidades de éxito.

Materiais e recursos

Á marxe dos especificados na programación didáctica da materia para o curso 2019/2020, convén sinalar que cobrarán especial



relevancia nas circunstancias actuais os seguintes materiais e recursos:

- actividades, fichas de repaso, apuntamentos e esquemas relativos ós contidos literarios ofrecidos pola docente a través do blog de aula miclasedelcl.wordpress.com.
- caderno de clase propio e libro de Lingua Castelá e Literatura da editorial Anaya para 4º ESO.
- libro de lectura obrigatoria para a segunda avaliación, *Cuentos españoles del siglo XIX* (Anaya), do que todo o alumnado dispuña no momento do confinamento.
- ordenador ou outro dispositivo electrónico con conexión a Internet.
- recursos dixitais, materiais de reforzo e actividades interactivas subidas ó blog de aula miclasedelcl.wordpress.com.
- acceso á Aula Virtual habilitada para cuarto de ESO.
- presentacións explicativas gravadas pola docente e subidas á nosa canle de YouTube (Carmen CC), orientadas á corrección dinámica das actividades, así como á presentación de novos contidos a partir dos xa vistos.
- acceso á plataforma de videochamadas habilitada para a teledocencia (Webex).
- correo electrónico propio.
- escáner ou aplicación gratuita do tipo de CamScanner que permita dixitalizar o caderno de clase para a súa entrega de xeito sinxelo.



▣ . Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

CURSO: 1º DE BACHARELATO
MATERIA: LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



1. Estándares de aprendizaxe e competencias impres

Criterio de avaliación	Estándar de a
Sintetizar por escrito o contido de textos orais e escritos de carácter expositivo e argumentativo discriminando a información relevante e accesoria.	Sintetiza por escrito textos orais e escritos de carácter expositivo e argumentativo.
Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa empregando un léxico preciso e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.
Ler, comprender e interpretar textos xornalísticos de carácter informativo e de opinión.	Resume o contido de textos xornalísticos escritos informativos e de opinión, discriminando a información relevante, recoñecendo o tema e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.
Realizar traballos de investigación sobre temas do currículo.	Realiza traballos de investigación utilizando as tecnoloxías da información para documentarse, e respectando as normas de presentación de traballos escritos.
Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronomes, artigos e determinantes).	Identifica os usos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronomes, artigos e determinantes).
Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a mellora de textos orais e escritos.	Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras. Recoñece as oracións activas, pasivas e impersonais.
Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes.	Recoñece e explica os trazos estruturais e lingüísticos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.
Aplicar os coñecementos adquiridos para a elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión.	Incorpora os procedementos de cohesión e coherencia textual na súa propia produción oral e escrita.
Realizar o estudo, lectura e análise de fragmentos ou obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o Barroco (S.XVII)	Le e analiza fragmentos de obras significativas desde a Idade Media ata o Barroco (S.XVII). Identifica as características temáticas e formas, o movemento e o xénero ao que pertence a obra.



2. Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptasetendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos: Actividades de repaso e profundización de contidos sobre aspectos textuais, gramaticais... Actividades de recuperación sobre o contido dos dous primeiros trimestres. Estas actividades avaliaranse a través da aula virtual e do correo electrónico. Probas de diferente tipo. Traballos individuais.</p> <p>Instrumentos: Rexistros cualitativos. Rúbricas. Caderno do profesor. Probas obxectivas.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>O alumnado coa primeira e segunda avaliación superada terá unha cualificación positiva. A nota final será o resultado da suma seguinte ponderación: 1ª avaliación: 40% 2ª Avaliación: 40% 3ª Avaliación: 20%</p> <p>No caso do alumnado que teña as dúas primeiras avaliacións superadas pero que non fose posible o seu seguimento durante o confinamento terá unha cualificación final positiva resultado da atribución dun peso do 50% a cada unha delas.</p> <p>Aquel alumnado con unha ou as dúas avaliacións non superadas poderá ter unha cualificación final positiva sempre que siga e supere as actividades de recuperación e reforzo desenvolvidas durante o periodo de suspensión de clases. No caso de que este alumnado non poida seguir o plan de recuperación será convocado a unha proba telemática ou presencial, se as circunstancias sanitarias o permiten, sobre os contidos das dous primeiros trimestres. Está proba avaliará as competencias e os estándares de aprendizaxe imprescindibles que se citan no primeiro apartado.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado será convocado a unha proba telemática ou presencial, se as circunstancias sanitarias o permiten, sobre o contido dos dous primeiros trimestres. Esta proba avaliará as competencias e os</p>

	estándares de aprendizaxe imprescindibles que se citan no primeiro apartado. O peso da proba será do 100%.
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades centraranse no reforzo dos contidos aprendidos ao longo dos dous primeiros trimestres, na profundización e no afianzamento deses contidos, faremos un seguimento a través da aula virtual do centro e do correo electrónico.</p> <p>Proposta de actividades de recuperación sobre o contido impartido no primeiro e segundo trimestre para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous trimestres do curso, actividades que deberán realizar obrigatoriamente para poder superar a asignatura.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para o alumnado con conectividade, nestes momentos a totalidade, xa que os problemas con algún alumno sen conectividade solventáronse a través da organización do centro educativo cos docentes e familias dotándoos de ordenador e un kit, aínda que é o alumnado máis desfavorecido socialmente e o que maior mente necesita unha axuda presencial.</p> <p>A metodoloxía céntrase na autonomía da aprendizaxe fomentando a avaliación formativa e a autoavaliación.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto editorial Anaya .</p> <p>Material propio.</p> <p>Recursos educativos dixitais.</p> <p>Aula virtual do centro.</p> <p>Meeting Cisco Webex._</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

CURSO: 1º DE BACHARELATO
MATERIA: Literatura Universal

ÍNDICE

- 1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2.Avaliación e cualificación.**
- 3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4.Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias impre

Criterio de avaliación	Estándar de apren
Ler, comprender, analizar e comentar obras breves e fragmentos significativos das distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos, así como os períodos e autores significativos.	Le, comprende, analiza e interpreta obras breves ou fragmentos significativos de distintas épocas, situándoos no seu contexto histórico, identificando a presenza de determinados temas e recoñecendo as características de xénero e do movemento en que se inscriben.
Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgúns temas e formas creados pola literatura e o seu valor permanente.	Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe determinados temas e formas creados pola literatura.
Analizar e comparar textos da literatura universal e das literaturas galega e española da mesma época.	Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época.
Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, un autor ou unha época con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación.	Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara utilización do rexistro apropiado.
Realizar traballos críticos sobre unha obra ou fragmentos significativos dunha época interpretándoos en relación co seu contexto histórico e literario efectuando unha valoración persoal.	Realiza traballos críticos sobre unha obra ou fragmentos, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario, e, de ser o caso, co significado e a relevancia do autor/a na época ou na historia da literatura consultando fontes de información diversas.
Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e o seu contido coas ideas estéticas dominantes no momento en que se escribiron.	Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas, relacionándoa coas ideas estéticas dominantes no momento en que se escribiron.



2.Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptasetendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Actividades de repaso e reforzo de contidos a través do correo electrónico.</p> <p>Lectura de fragmentos de obras representativas que lle permiten enriquecer a súa visión do mundo.</p> <p>Comentarios de textos.</p> <p>Traballos en grupo e individualmente.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Caderno do profesor.</p> <p>Cuestionarios.</p> <p>Probas obxectivas.</p> <p>Rexistros cualitativos.</p> <p>Rúbricas.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>O alumnado coa primeira e segunda avaliación superada terá unha cualificación positiva. A nota final será o resultado da suma seguinte ponderación:</p> <p>1ª avaliación: 40%</p> <p>2ª Avaliación: 40%</p> <p>3ª Avaliación: 20%</p> <p>No caso do alumnado que teña as dúas primeiras avaliacións superadas pero que non fose posible o seu seguimento durante o confinamento terá unha cualificación final positiva resultado da atribución dun peso do 50% a cada unha delas.</p> <p>Aquel alumnado con unha ou as dúas avaliacións non superadas poderá ter unha cualificación final positiva sempre que siga e supere as actividades de recuperación e reforzo desenvolvidas durante o periodo de suspensión de clases. No caso de que este alumnado non poida seguir o plan de recuperación será convocado a unha proba telemática ou presencial, se as circunstancias sanitarias o permiten, sobre os contidos das dous primeiros trimestres. Está proba avaliará as competencias e os estándares de aprendizaxe imprescindibles que se citan no primeiro apartado.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado será convocado a unha proba telemática ou presencial, se as circunstancias sanitarias o permiten, sobre os contidos das dous primeiros trimestres. Está proba avaliará as competencias e os estándares de aprendizaxe imprescindibles que se citan no primeiro apartado. O peso da proba será do 100%.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades centraranse no reforzo dos contidos aprendidos ao longo dos dous primeiros trimestres, na profundización e no afianzamento deses contidos, faremos un seguimento a través do correo electrónico.</p> <p>Proposta de actividades de recuperación sobre o contido impartido no primeiro e segundo trimestre para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous trimestres do curso, actividades que deberán realizar obrigatoriamente para poder superar a asignatura.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Adecuación das actividades á madurez do alumnado nesta etapa educativa, con diversidade de formulación teórica e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxe. Integración do aprendido a través da interdisciplinabilidade.</p> <p>Propiciar a aprendizaxe autónoma do alumnado e a súa participación activa.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto editorial Santillana.</p> <p>Libro de texto editorial Oxford.</p> <p>Fragmentos de libros e obras básicas da Literatura Universal.</p> <p>Fragmentos de películas relacionadas coas obras e as épocas traballadas.</p> <p>Material propio.</p> <p>Recursos educativos dixitais.</p> <p>Aula virtual do centro e correo electrónico.</p> <p>Meeting Cisco Webex</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

CURSO: 1º DE BACHARELATO
MATERIA: TEATRO

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Aprender técnicas tanto relacionadas coa voz como co corpo.</p>	<p>Fai exercicios de respiración e relaxación.</p>
<p>Ser capaz de construír unha escena dramática, na escritura, na interpretación e na montaxe escénica.</p>	<p>Constrúe unha escena dramática na escritura, na interpretación e na montaxe escénica.</p>
<p>Ser capaz de ler fluidamente facer dramatizacións de textos teatrais.</p>	<p>Fai lecturas fluidas e dramatizacións de textos teatrais.</p>
<p>Coñecer os elementos que forman parte dunha posta en escena e adquirir criterios para valorala.</p>	<p>Coñece os elementos que forman parte dunha posta en escena.</p>
<p>Demostrar as capacidades expresivas e creativas necesarias para a recreación da acción dramática.</p>	<p>Desenvolve as súas capacidades expresivas e creativas para a recreación da acción dramática.</p>
<p>Ser capaz de colaborar con outros membros para comprender a importancia de todos os elementos dun grupo.</p>	<p>Colaboración con outros membros para comprender a importancia de todos os elementos dun grupo.</p>



2.Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptasetendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Participación nas actividades propostas.</p> <p>Participación activa na clase.</p> <p>Dramatización de escenas.</p> <p>Traballo en grupo.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Observación directa.</p> <p>Rexistros cualitativos.</p>
Cualificación final	<p>O alumnado coa primeira e segunda avaliación superada terá unha cualificación positiva. A nota final será o resultado da suma seguinte ponderación:</p> <p>1ª avaliación: 40%</p> <p>2ª Avaliación: 40%</p> <p>3ª Avaliación: 20%</p> <p>No caso do alumnado que teña as dúas primeiras avaliacións superadas pero que non fose posible o seu seguimento durante o confinamento terá unha cualificación final positiva resultado da atribución dun peso do 50% a cada unha delas.</p> <p>Aquel alumnado con unha ou as dúas avaliacións non superadas poderá ter unha cualificación final positiva sempre que siga e supere as actividades de recuperación e reforzo desenvolvidas durante o periodo de suspensión de clases. No caso de que este alumnado non poida seguir o plan de recuperación será convocado a unha proba telemática ou presencial, se as circunstancias sanitarias o permiten, sobre os contidos das dous primeiros trimestres. Está proba avaliará as competencias e os estándares de aprendizaxe imprescindibles que se citan no primeiro apartado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>O alumnado será convocado a unha proba telemática ou presencial, se as circunstancias sanitarias o permiten, sobre os contidos das dous primeiros trimestres. Está proba avaliará as competencias e os estándares de aprendizaxe imprescindibles que se citan no primeiro apartado. O peso da proba será do 100%.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades centraránse en fomentar a autonomía e a creatividade persoal, o espírito de grupo e a cooperación, a dicción e a entoación, a interiorización dos textos escenificados e a xestualización. Lectura de textos dramáticos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía da materia desenvolverase nun ambiente de creación-motivación para aproveitar as cualidades persoais dos alumnos nos distintos ámbitos da creación dramática, tendo especial importancia a visión dun final práctico na representación para todos os fragmentos lidos.
Materiais e recursos	Fragmentos de obras teatrais. Recursos educativos dixitais. Correo electrónico.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

ÍNDICE

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Avaliación e cualificación.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias impres

Dado o carácter terminativo de etapa do curso de 2º de Bacharelato e a súa orientación á realización da proba ABAU -para a que non se produciu nestas circunstancias unha redución dos contidos avaliados- mantéñense os estándares de aprendizaxe e as competencias imprescindibles tomadas como referente na programación xeral da materia de Lingua Castelá e Literatura para o presente curso 2019/2020, e que a continuación se recollen de novo sintetizados :

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.	LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal.
	LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais e as secundarias.
	LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado á intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para melloralala.
B2.2. Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa.	LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita.
	LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, xénero textual, etc), empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos.
B2.4. Analizar textos escritos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os seus trazos formais característicos e relacionando as súas características expresivas coa intención comunicativa e co resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B2.4.2. Recoñece, describe e utiliza os recursos gramaticais (substitución pronominal, uso reiterado de determinadas estruturas sintácticas, correlación temporal, etc.) e léxico-semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos e hiperónimos, reiteracións léxicas, etc.) que proporcionan cohesión aos textos escritos.
	LCL2B2.4.3. Recoñece e explica os procedementos de cita (estilo directo, indirecto ou indirecto libre, e cita encuberta) presentes en textos expositivos e argumentativos, así como a súa función no texto.
B3.1. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo.	LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado.
B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais, e explicar os seus usos e valores nos textos.	LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).
	LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen un uso formal e especializado da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións

	clixé.
B3.3. Identificar e explicar os niveis de significado das palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que aparecen.	LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión textual.
B3.4. Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.	LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.
B3.6. Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.
B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativos.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.
B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence.

2. Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Os establecidos na programación didáctica de referencia para as dúas primeiras avaliacións, ós que se lles engaden as actividades realizadas en liña polo alumnado a partir do 13 de marzo de 2020.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entrega de actividades relativas ó comentario crítico de textos segundo o modelo ABAU. • Realización de tarefas sobre contidos gramaticais específicos: morfolóxicos, sintácticos e léxico-semánticos sobre textos xornalísticos segundo o modelo ABAU. • Cuestionarios de comprensión lectora sobre as obras de lectura obrigatoria. • Exercicios de comprensión e análise lingüística a partir de textos xornalísticos. • Resumos dos temas de historia da literatura segundo os apuntamentos, explicacións, análises e materiais complementarios facilitados pola docente. • Análise de textos literarios en relación cos contidos literarios estudados e desenvoltos en cuestións segundo o modelo ABAU. • Probas específicas de contidos lingüísticos ou literarios. • Simulacros de probas ABAU.
Cualificación final	<p>A nota final obterase da media das cualificacións obtidas na primeira e segunda avaliación ponderadas ó 80%, ás que se sumará un máximo de dous puntos (20%) correspondentes ás actividades desenvolvidas durante o terceiro trimestre, sempre e cando tal ponderación final se produza en beneficio do alumnado. En caso contrario, a nota final calcularase coa media aritmética das cualificacións obtidas na primeira e segunda avaliación.</p> <p>Os <u>dous puntos</u> correspondentes ó terceiro trimestre distribuiranse do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1 punto máximo para as probas obxectivas: test, exames específicos sobre contidos lingüísticos e literarios e simulacros globalizadores de probas ABAU. A cualificación deste apartado obterase da media ponderada das notas obtidas nestas probas. <p>O alumnado que se poida demostrar que foi descuberto copiando no desenvolvemento dunha proba, automaticamente recibirá a cualificación de cero puntos nese exame e non terá opción a realizalo novamente a xeito de recuperación.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 0,5 puntos máximo para a realización das tarefas obrigatorias



	<p>planificadas semanalmente.</p> <ul style="list-style-type: none"> -0 puntos se non entregou ningunha tarefa. -0,25 puntos se entregou entre o 50% e o 75% das tarefas no prazo e forma establecidos segundo as instrucións dadas. -0,5 puntos se sempre entregou as tarefas no prazo e forma establecidos e se esmera na súa execución. <ul style="list-style-type: none"> • 0,25 puntos máximo para a realización das tarefas optativas propostas desde o 13 de marzo de 2020: <ul style="list-style-type: none"> -0,15 puntos para quen realice entre 1 e 3 entregas. -0,25 puntos para quen realice 4 ou máis entregas. • 0,25 puntos para quen interactúe de xeito habitual, asista ás videoclases, aproveite -aplicando na praxe cotiá- os recursos dixitais creados especificamente pola docente e consulte as dúbidas xurdidas. <ul style="list-style-type: none"> -0 puntos para quen non interactúe nunca. -0,15 puntos para quen interactúe habitualmente e leve a materia ó día, pero teña faltado ás videoclases máis dun 10% das sesións realizadas. -0,25 puntos para quen sempre interactúe, consulte dúbidas e asista a todas as videoclases.
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p><u>No caso de manterse as restricións sanitarias en canto á actividade presencial</u>, o alumnado realizará a través da Aula Virtual -ou dos espazos habilitados nese momento a tal fin- unha proba segundo o modelo ABAU establecido para o curso actual 2019/2020.</p> <p>Do mesmo xeito, <u>no caso de que se dea a posibilidade de facer un exame presencial</u>, realizarase unha proba nas datas de setembro previstas polo centro sobre os contidos avaliados nas probas ABAU, segundo o modelo establecido para o presente curso 2019/2020.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>os indicados na programación anual</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Proba extraordinaria 60%, traballos guiados sobre os temas 40%.</p> <hr/> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Proba extraordinaria a realizar na aula virtual ou presencialmente se é posible.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

-Recuperación: o alumnado que, unha vez calculadas as medias finais ponderadas segundo as porcentaxes establecidas (80% para os dous primeiros trimestres e 20% para o terceiro), non acade a nota dun 5 poderá presentarse a unha proba de recuperación do curso segundo o actual modelo ABAU que terá lugar **antes da avaliación final ordinaria** a cal, de non poder realizarse debido ás restricións sanitarias de xeito presencial, terá lugar a través da Aula Virtual ou das plataformas dixitais que nese momento estean habilitadas a tal fin. Na realización desta proba, se algún alumno ou alumna fose descuberto **copiando**, obtería a cualificación dun cero e tería que recuperar a materia na proba extraordinaria de setembro.

-Repaso e reforzo: ó longo do terceiro trimestre, ó mesmo tempo que se acaban de abordar os contidos avaliábeis para a proba ABAU, realizaranse periodicamente fichas globalizadoras e simulacros de probas segundo o actual modelo ABAU. A maioría destas actividades estarán orientadas á corrección individual, polo que non só se propicia o estreito seguimento da docente, senón que se favorece a atención personalizada e a consulta de dúbidas por parte do alumnado. Asemade, o feito de que ós temas abordados durante o confinamento os acompañe unha presentación explicativa gravada pola docente e subida á canle de YouTube, contribúe a que o alumnado poda realizar os repasos que considere oportunos de xeito relativamente autónomo. Nesta liña, no blog de aula e na Aula Virtual cómpre sinalar que tamén se subirán exercicios optativos para a corrección individual, sempre orientados á mellora do rendemento académico nas probas ABAU. Por último, tamén se contempla como medida de reforzo extraordinario o contacto que o alumnado mantén permanentemente coa docente a través do correo electrónico para solucionar calquera tipo de dúbida ou aclaración que poda xurdir, así como para adoitar as medidas grupais que permitan optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe durante o confinamento.

-Ampliación: no nivel de 2º de Bacharelato, cómpre proceder á ampliación dos contidos abordados durante o primeiro e o segundo trimestre ata completar os establecidos pola CIUG para a formulación da proba ABAU, dado que estes non foron limitados no novo modelo de proba vixente para o presente curso. En efecto, deste xeito non só se trata de garantir a súa superación con éxito, senón que tamén se amplía a opcionalidade de escolla entre as preguntas dadas da que dispón o alumnado na realización desta proba externa. Así pois, neste terceiro trimestre traballárase a última das obras de lectura obrigatoria que quedan por tratar, así como os catro temas de literatura pendentes, e outro máis relativo ás relacións léxico-semánticas; ó tempo que se irán mesturando coas mencionadas actividades de repaso e reforzo.

Metodoloxía (alumnado con

Tomaranse como referente os principios metodolóxicos enumerados na programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura para o

<p>conectividade e sen conectividade)</p>	<p>vixente curso 2019/2020, ós que se engaden os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> -priorización das actividades orientadas á corrección individual. -favorecemento dun maior grao de autonomía por parte do alumnado a través da planificación de actividades optativas. -relevancia da responsabilidade individual para a realización e entrega das tarefas no prazo e forma establecidos. -aumento do volume de actividades de aplicación práctica segundo o modelo ABAU. -aplicación efectiva das TIC ó proceso íntegro de ensino-aprendizaxe, con especial mención á execución de probas obxectivas a través da Aula Virtual e Google Forms. -uso eficiente e funcional da lingua nun nivel culto e nun rexistro formal, segundo os criterios de coherencia e cohesión. <p>Por outra banda, tras ter comprobado que non existen dificultades para a conectividade por parte do alumnado e que a ausencia de interacción e o discontinuo ou inexistente seguimento da materia se deben a outras causas, convén especificar a adaptación da secuenciación dos principios metodolóxicos que rexen o proceso de ensino-aprendizaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As explicacións dos contidos teóricos producíranse a través dos apuntamentos, dos vídeos gravados e das sesións de clase realizadas a través de videochamadas. • Os exercicios de repaso ou sobre contidos moi específicos están orientados á autocorrección: as solucións distribúense coas correspondentes explicacións a través das canles de comunicación habituais, unha vez que ten pasado unha marxe de tempo prudencial para que todo o alumnado se teña enfrontado a eles de xeito individual. Tamén se comproba que as actividades se levan ó día solicitando de xeito aleatorio e periódico o caderno de clase -en formato papel, escaneado, ou dixital-. • As actividades formuladas segundo o modelo ABAU están orientadas á corrección detallada e individual e complementáanse coa consulta de dúbidas por parte do alumnado a través do correo electrónico ou das videochamadas. • Cada 15 días ofrécese a posibilidade de realizar unha actividade optativa sobre o comentario crítico de textos para a entrega e a corrección individual. • As probas de temas independentes respectan os modelos das preguntas ABAU, e a estrutura e condicionantes destes exames son os mesmos que os que se aplican durante as sesións presenciais, do mesmo xeito que sucede cos simulacros de probas ABAU. • Realízanse cuestionarios e test de lectura para comprobar o progreso na adquisición dos contidos abordados.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Á marxe dos especificados na programación didáctica da materia para o curso 2019/2020, convén sinalar que cobrarán especial relevancia nas circunstancias actuais os seguintes materiais e recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • actividades, fichas de repaso e apuntamentos ofrecidos pola docente

